

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

ÍNDICE

I).-DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

- 1).-Nome
- 2).-Titularidade
- 3).-Data de creación
- 4).-Ubicación e características derivadas da contorna
- 5).-Niveis educativos
- 6).-Réxime de permanencia
- 7).-Centros adscritos
- 8).-Financiamento
- 9).-Actividades extraescolares
- 10).-Persoal
- 11).-Infraestrutura
- 12).-Entorno socioeconómico

II).-SINAIS DE IDENTIDADE

- 1).-Fins educativos do centro
- 2).-Principios da actividade educativa
- 3).-Xestión do Centro

III).-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- 1).-Ámbito Pedagóxico

2).-Ámbito Institucional e Administrativo

3).-Ámbito humano e convencional

IV).-ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

1).-Órganos de goberno unipersonais

2).-Órganos de goberno colectivos

3).-Órganos de coordinación docente

4).-Outros órganos funcionais

V).-REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

1).-Dereitos e deberes dos alumnos

2).-Dereitos e deberes dos profesores

3).-Dereitos e deberes dos Pais

4).-Dereitos e deberes do persoal non docente

NORMAS DE CONVIVENCIA

1).-Faltas graves

2).-As correccións das faltas graves

3).-Faltas leves

4).-As correccións das faltas leves

5).-As garantías procedementais

VI).-FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DO CENTRO

1).-Órganos unipersoais

2).-Órganos colexiados

3).-Órganos de coordinación docente

VII).-ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS

1).-Recursos materiais

2).-Organización dos espazos

3).-Distribución do tempo.

D).- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1.-Nome

A denominación oficial do Centro e Instituto de Ensino Secundario Coruxo.

2.-Titularidade

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3.-Data de creación

Foi creado no ano 1990 como o IES nº 11 de Vigo

4.-Ubicación e características derivadas da contorna

O instituto de Coruxo está situado no Concello de Vigo, na periferia da cidade. O seu enderezo é rúa Carrasqueira nº 68, 36331 Vigo.

Trátase polo tanto dunha área periurbana onde atopamos unha grande heteroxeneidade poboacional: o mundo rural, o mundo mariñeiro(o instituto está situado a uns cincocentos metros da Praia) e das urbanizacións que nos últimos anos se viñeron construindo na zona e que aportan un importante número de veciños non orixinarios da parroquia.

Esta grande variedade poboacional trae aparelada unha variedade dos usos lingüísticos e culturais.

Existen na contorna tres institucións moi dinámicas e de grande influencia: as Asociacións de Veciños de Coruxo e Navia e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo(CRACC); as tres utilizan como lingua de contacto habitual o galego.

5.-Niveis educativos

- 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

- 1º e 2º cursos de Bacharelato, nas modalidades de Científico-Tecnolóxico e Ciencias Sociais e Humanidades.

- En total, o centro posúe dezaseis unidades para 398 alumnos, máis dous grupos de alumnos que están a seguir un Programa de Diversificación Curricular.

6.-Réxime de permanencia

Tendo en conta as características e procedencias do alumnado, o ensino impártese en réxime de xornada partida. A maioría do alumnado necesita utilizar o transporte escolar. A maior parte das horas lectivas impártese en seis sesión de cincuenta minutos polas mañás. As restantes para completa-los seus horarios sitúanse nas tardes do martes.

7.-Centros adscritos

Na actualidade, áchanse adscritos ó IES Coruxo os seguintes centros de Educación Primaria:

- CEIP a Paz (Tintureira)
- CEIP Plurilingüe da Carrasqueira
- CEIP Plurilingüe Ría de Vigo
- CEIP Párroco Don Camilo

8.-Financiamento

Trátase dun centro público financiado case de xeito exclusivo pola Consellería de Educación, pero recibe subvencións da Comunidade Económica Europea para as unidades do programa “Mora”

9.-Actividades extraescolares

No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades culturais e deportivas:

- a) A existencia dun club de lectura
- b) A participación en concursos literarios e artísticos organizados por diferentes institucións
- c) A realización de viaxes de fin de estudos.
- d) Taller de pais/nais.

En canto ás actividades deportivas, o centro conta con equipos de fútbol sala, con participación en ligas provinciais, autonómicas e nacionais.

Asociación de nais e pais:

No centro está constituída a Asociación de nais e pais.

A asociación vén organizando as actividades extraescolares que se imparten fóra do horario lectivo e ás que asisten os alumnos con carácter voluntario.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro, organiza actividades de fin de curso e programa unha escola de nais e pais dirixida ás familias.

10.-Persoal

Na actualidade hai no centro 40 profesores agrupados en diferentes departamentos didácticos, un orientador e unha profesora de apoio para o alumnado con necesidades educativas especiais da ESO.

Ademais, desempeñan as súas tarefas no Centro, dúas administrativas, dous subalternos e catro limpadoras.

11.- Infraestrutura

O centro está situado nun campo escolar de extensión adecuada ao número de alumnos. O acceso ao centro, tanto para peóns como para vehículos, pode considerarse moi defectuoso.

Próximo ao edificio escolar propiamente dito, existe un pavillón deportivo completo con vestiarios e duchas.

En canto ao edificio escolar, o seu estado é moi aceptable.

O centro dispón dunha cafetería de dimensións aceptables.

As aulas comúns teñen unha superficie que resulta suficiente para o número de alumnos/as.

Hai ademais aulas específicas de Debuxo, Plástica, dúas aulas de Informática, dúas aulas de Música, Laboratorios de Ciencias, Física e Química, dúas aulas de Tecnoloxía(ESO e Bacharelato), Ximnasio e Pavillón, aula Biblioteca con dotación de ordenadores e Salón de Actos.

12.-ENTORNO SOCIOECONÓMICO DO CENTRO

Procedencia do alumnado:

A gran maioría, arredor dun 90% do alumnado, naceron e residiron permanentemente en Vigo.

Máis da metade do alumnado reside en vivendas unifamiliares. Este dato correspóndese coa distribución por zonas, nas que se observa a pequena importancia porcentual de zonas céntricas.

Máis dun 75% dos alumnos/as utilizan o transporte escolar.

Situación socio-económica e cultural das familias:

Aproximadamente no 50% das familias traballan o pai e a nai; en máis do 35% dos casos faino o pai; no 8% faino a nai; nun 3% dos casos non traballa ningún dos dous.

As actividades laborais máis frecuentes entre os pais son, en orde decrecente, a industria, o comercio e a construción; e entre as nais a asistencia doméstica, o comercio, a industria e a sanidade.

A metade, aproximadamente, de pais e nais realizaron estudos primarios; algo máis de 25% estudaron Bacharelato ou Formación Profesional; arredor do 10% cursaron carreiras medias ou superiores, e 4% non realizou ningún estudo.

A lectura preferida polos pais é a de xornais de información xeral. As nais len máis revistas e obras de creación literaria.

A afección maioritaria é a televisión, seguida con porcentaxes moito menores pola radio, a práctica deportiva, a música e o cine.

Situación lingüística do alumnado:

Segundo a enquisa realizada o curso pasado, practicamente ningún alumno/a utiliza habitualmente o galego. De todos os xeitos, non atopamos casos de rexeitamento frontal da lingua, aínda que os prexuízos, pese aos esforzos realizados, seguen ben presentes. Así, podemos, a modo de resumo, constatar os seguintes datos:

-Aínda que a case totalidade do alumnado naceu en Galicia, a metade aprendeu a falar só en castelán, arredor dun 45% en castelán e en galego e só un 5% en galego (ademais dun 5% que aprenderon noutras linguas).

-A lingua que falan na casa é maioritariamente o castelán(elevándose a porcentaxe na relación entre irmáns) e só cos avós a porcentaxe elévase lixeiramente cara ao galego.

II).-SINAIS DE IDENTIDADE

1).-Fins educativos do centro:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos/as.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como no prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- j) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situación cambiantes da sociedade do coñecemento.

2).-Principios da actividade educativa:

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimente o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores centros, administración, institucións e o conxunto da sociedade.
- i) A autonomía para establecer a adecuación e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que correspondan ao centro.
- j) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- k) A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.

- n) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- o) A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

3).-Xestión do Centro:

- a) A xestión do instituto debe ser participativa e democrática.
- b) O centro é gobernado polo equipo directivo e o Consello Escolar.
- c) Como o equipo directivo ten que representar á comunidade escolar, a súa elección debe ser expresión de liberdade democrática e froito do diálogo e o consenso.
- d) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociación de pais/nais, profesores, alumnos e persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relación entre os colectivos que constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a participación de todos na consecución dos obxectivos común e a súa identificación co proxecto educativo.
- e) Será un obxectivo permanente dar luz solidez ás relación do centro tanto coas administración educativas e local como coas entidades ou asociación do entorno.

III).-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

1).-Ámbito pedagóxico.

1.1.- Formar integramente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.

1.2.- Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos no Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.

1.3. -Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos e artísticos.

1.4.- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.

1.5.- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.

1.6.- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.

1.7. - Desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

- a) Competencia en comunicación lingüística.
- b) Competencia en comunicación matemática.
- c) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

- d) Tratamento da información e competencia dixital.
- e) Competencia social e cidadá.
- f) Competencia cultural e artística.
- g) Competencia para aprender a aprender.
- h) Autonomía e iniciativa persoal.

2).-Ámbito Institucional e Administrativo.

- 2.1.-Implicar ás familias dos alumnos/as no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- 2.2.-Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- 2.3.-Potenciar a coordinación e traballo en equipo do profesorado.
- 2.4.-Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- 2.5.-Colaborar co centro de formación do profesorado.
- 2.6.-Lograr que as administración local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- 2.7.-Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- 2.8.-Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- 2.9.-Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

3).-Ámbito humano e convencional.

- 3.1.-Desenvolver nos alumnos/as actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- 3.2.-Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- 3.3.-Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- 3.4.-Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración.
- 3.5.-Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- 3.6.-Formar ao alumno/a en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- 3.7.-Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.

- 3.8.-Educar para un consumo responsable.
- 3.9.-Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- 3.10.-Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- 3.11.-Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- 3.12.-Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- 3.13.-Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- 3.14.-Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- 3.15.-Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- 3.16.-Proporcionar a todos os alumnos/as a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa. Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- 3.17.-Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- 3.18.-Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.
- 3.19.-Plan TIC.
- 3.20.-Plan Lector.

IV).-ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

O centro precisa dunha organización que posibilite o bo funcionamento e facilite a consecución dos fins e obxectivos xerais que a partir dos nosos sinais de identidade, temos definido e tentaremos conseguir.

Ao abeiro da estrutura organizativa proposta no “Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996), consideramos como elementos necesarios desta estrutura e coas atribucións que no devandito regulamento se especifican:

1).-Órganos de goberno unipersoais:

Director

Vicedirector

Xefe de Estudos

Secretario

2).-Órganos colexiados:

Consello Escolar:

Creación no seu seo da Comisión administrativo-económica e da comisión de Convivencia.

Claustro de Profesores.

3).-Órganos de coordinación docente:

Comisión de coordinación pedagóxica.

Departamentos didácticos.

Departamento de orientación.

Titorías.

Equipo de Dinamización da lingua galega

Departamento de actividades extraescolares e complementarias.

4).-Outros órganos funcionais:

Xunta de delegados de alumnos/as.

Asociación de pais e nais de alumnos.

Asociación de alumnos/as.

A composición, competencias e función dos diferentes órganos que forman a estrutura organizativa do centro, están recollidos no regulamento de Réxime Interno

V).-REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Regulamento de Réxime Interno debe ser o instrumento que estruture e regule o funcionamento do centro e nos axude a alcanzar os principios educativos que a comunidade escolar considere máis apropiados, tendo en conta as características do centro e do seu entorno.

Se a organización xeral está xa enmarcada no regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996), o Regulamento de R.I. está baseado na Lei orgánica 1/1990 e no Real Decreto 732/1995, e na Lei 4/2011 do 30 de xuño de 2011 no que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.

1.-Dereitos e deberes do alumnado.

1.1.-Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situación de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 30 de xuño de 2011.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
- f) Ser avaliados obxectivamente e solicitar aclaracións sobre o seu rendemento escolar.

1.2.-Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalación e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

i) Non fumar dentro do recinto escolar, e colaborar na consecución duns hábitos hixiánicos e saudables.

2.-Dereitos e deberes do profesorado.

2.1.- Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 30 de xuño de 2011
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2.1.- Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todas os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

3.-Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

3.1.- As nais e pais ou titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro docente.
- c) A recibir información sobre as normas que regulan a convivencia no centro docente.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola Lei 4/2011 do 30 de xuño de 2011, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

3.1.- Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

4.- Dereitos e deberes do persoal non docente.

4.1.-Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

4.2.-Son deberes do persoal non docente:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situación de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables de centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

NORMAS DE CONVIVENCIA

Clases de condutas contrarias á convivencia.

1.-As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido na lei 4/2011, do 30 de xuño, DOGA do 15 de xullo de 2011.

2.-Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constituídos de delito ou falta, deberá comunicalo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades de centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

As correccións das faltas graves.- Medidas correctoras.

As condutas prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas a un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxurias ou ofensas na alínea a), os de actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i), do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro e que resulte perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou

dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

- c) A inasistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro escolar no regulamento de réxime interno.

As correccións das faltas leves. Medidas correctoras.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Procedemento para a imposición das medidas correctoras:

As garantías procedementais:

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1.- As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado nesta Lei.

2.- Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3.- A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4.- No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5.- Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o tramite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta Lei.

6.- Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada:(despois dunha consulta ao Consello Escolar), que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección. Así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta Lei.

7.- A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

8.- A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:
 - a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta Lei

- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 desta Lei.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d) e f) do artigo 22 desta Lei.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titor ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta Lei. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2.-As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Responsabilidade das nais e pais ou titoras ou titores.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

VI).-FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DO CENTRO

1).- Órganos unipersoais.

Equipo directivo:

O Decreto 29/2007, do 8 de marzo, regula a selección, o nomeamento e o cesamento de directores e directoras dos centros públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, mediante un concurso en que se garantan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, entre funcionarios e funcionarias de carreira dun corpo docente, en situación de servizo activo e que estean prestando servizos

nun centro educativo dependente da Consellería de Educación. O decreto recolle que a selección deberá realizarse no propio centro por unha comisión constituída por representantes da Administración e do centro e que os e as aspirantes deberán superar un programa de formación inicial.

No obstante, pódense salientar algúns aspectos que poden contribuír o cumprimento dos ideais expostos no PEC.

- a) Os compoñentes do equipo directivo, de acordo coas normas vixentes, deben procurar unha comunicación directa, áxil e regular cos órganos colexiados do centro.
- b) O equipo directivo recibirá aos membros da comunidade educativa, sempre que estes o soliciten.

2).-Órganos colexiados.

Consello Escolar:

A composición, elección e renovación do Consello Escolar, así como as súas comisións e atribucións, están reguladas polo Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro.

Dentro do Consello Escolar debe haber dúas comisións que terán a finalidade e a atribución de tramitar e preparar para o pleno os asuntos da súa competencia:

A comisión de administración e economía, a cal posuirá as seguintes competencias:

Decidir sobre a admisión de alumnos.

Aprobar o proxecto de orzamento do instituto.

Renovar e conservar as instalación e o equipamento.

Supervisar as actividades administrativas.

A comisión de convivencia.

Estará formada por un profesor, un alumno/a, un pai/nai e o director ou persoa en que este delegue. As súas funcións serán: As atribucións que lle outorga a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Ademais adoptar as medidas necesarias para garantir os dereitos dos alumnos/as e impedir á comisión de feitos contrarios ás normas de convivencia do centro mediante unha comunicación directa e constante cos pais ou responsables legais dos alumnos/as.

Realizar as tarefas que lle encomende o Consello Escolar en asuntos de convivencia e disciplina; por exemplo, redactar o informe anual sobre aplicación das normas de convivencia.

Presentar propostas para a resolución de problemas e faltas leves que afecten á convivencia do centro.

Participar na elaboración e revisión das normas de convivencia.

Reunirse sempre que os problemas de convivencia o requiran.

Claustro de profesores:

Tanto a súa composición como as súas competencias están reguladas nos artigos 14.1 e 14.2 da Lei orgánica 9/1995.

Compre lembrar, así e todo que:

- a) Debe reunirse, polo menos, unha vez cada trimestre, e ao inicio e ao final do curso. Pode ser convocado, ademais, a petición do director ou a solicitude dun terzo, cando menos, dos seus membros. Asemade, no seu día, convocarase un claustro extraordinario para coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos. As reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas que todos os membros poidan asistir, xa que están obrigados a facelo. As convocatorias irán precedidas por unha convocatoria nominal a cada un dos membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día a tratar e cos documentos que se vaian debater.
- b) As decisións nas que se requira votación, tomaranse por maioría simple dos presentes.
- c) Os representantes do claustro de profesores no Consello Escolar terán total autonomía á hora de tomar decisión neste, pero deben manifestar cal é a opinión maioritaria do claustro de profesores nos casos en que este é previamente consultado e procurar ser o máis fieis posibles a ela.

Órganos de coordinación docente:

a) Comisión de coordinación pedagóxica.

A organización desta comisión está recollida no decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, da nosa comunidade.

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes.

Composición:

Estará integrada polo director, que será o seu presidente, o xefe de estudos, os xefes de departamentos, o coordinador do equipo de dinamización lingüística, o profesor de apoio a alumnos/as con necesidades educativas especiais, o responsable da biblioteca. Actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, oídos os distintos membros.

Esta comisión reunirse como mínimo unha vez ao mes. Celebrará igualmente unha sesión extraordinaria ao comezo e fin de curso e cantas outras se consideren oportunas a petición dun terzo dos seus compoñentes.

As decisión adoptaranse por maioría simple dos presentes.

Son competencias da CCP:

1.- Establecer as directrices xerais para elaborar os PCC correspondentes a cada unha das etapas que se impartan no centro, atendendo á coordinación entre as diferentes etapas, asegurando a súa coherencia co PEC e PXA, tamén será competencia da CCP o establecemento das directrices xerais para elaborar as programacións didácticas e do plan de orientación tutorial e de modificación dos proxectos curriculares durante o mes de xuño, á vista das memorias dos departamentos didácticos. As propostas serán analizadas e aprobadas, se é o caso, polo claustro no mes de setembro. Modificacións que respectarán á organización dos contidos seguidos polos alumnos/as que iniciaron os seus estudos anteriormente.

2.-Durante o mes de setembro, antes do comezo das actividades lectivas, a CCP, tendo en conta as suxestións da Xefatura de Estudos, propondrá ó Claustro de Profesores, para a súa aprobación as datas de Avaliacións e das probas extraordinarias, que se recollerá no plan de acción tutorial.

b) Departamentos Didácticos.

Son os órganos básicos de participación docente no ámbito pedagóxico da educación secundaria, baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias, como medio para a mellora do ensino e do perfeccionamento do profesorado.

Estarán compostos por tódolos profesores e profesoras que imparten o ensino propio das áreas, materiais asignados ó departamento, se é o caso.

Cando nun departamento se integren profesores de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias de cada especialidade corresponderalles ós profesores respectivos.

c) Departamento de orientación

Nos centros públicos integrados existirá un departamento de orientación que abranguerá no seu plan de actuación os colexios de educación primaria adscritos a el.

Formarán parte do departamento de orientación:

- a) Os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no centro.
- b) O profesor ou profesora de pedagogía terapéutica.
- c) O xefe de departamento de orientación.
- d) Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, designados polo director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

d) Titorías

A función titorial e orientación dos alumnos/as, que forman parte da función docente, desenvolverase ó longo de tódalas etapas .

Cada grupo de alumnos terá un titor. As titorías serán designadas polo director, por proposta do xefe de estudos, oído o xefe de departamento de orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaía no profesor con maior número de horas de docencia no grupo.

Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará. Cando menos, as seguintes funcións:

1. Participar no desenvolvemento do plan da acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.
2. Proporcionarlles no principio de curso, ó alumno e ós pais e nais de alumnos ou titores legais ou ordinarios, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou , no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas e criterios de avaliación do grupo.
3. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
4. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumno para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
5. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
6. Orientar ao alumno dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
7. Organizar e presidir ás sesións de avaliación do seu grupo.
8. Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.

e)Equipo de Dinamización Lingüística.

O equipo de normalización lingüística constitúese para potencia-lo uso da lingua galega, que estará formado, alomenos, polos seguintes membros:

- 1) Un profesor ou profesora que imparta docencia na educación secundaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
- 2) Tres alumnos ou alumnas, por proposta da xunta de delegados.
- 3) Un membro do persoal non docente, por proposta deles.
- 4) Os membros do equipo serán nomeados polo director do centro. Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

A coordinación será desempeñada por un profesor ou profesora, preferentemente con destino definitivo no centro.

f)Xunta de delegados de alumnos e alumnas.

Nos centros públicos integrados existirá unha xunta de delegados de alumnos e alumnas integrada polos delegados ou delegadas dos cursos de educación secundaria, elixidos segundo se determine no regulamento de réxime interior, e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

Son función das xuntas de delegados de alumnos e alumnas as seguintes:

- 1) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudantís e organización xuvenís legalmente constituídas.
- 2) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- 3) Informa-los representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- 4) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- 5) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- 6) Informa-los alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- 7) Formularlles propostas ós xefes de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares para a súa organización.
- 8) Aqueloutras función que lle sexan atribuídas normativamente.

g)Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

Este departamento é o órgano encargado de promover e coordinar todas aquelas actividades culturais e deportivas, que dentro do horario lectivo ou fora del, estean organizadas polo centro. A súa composición será a seguinte:

- 1) Vicedirector.
- 2) Un profesor.
- 3) A persoa responsable da biblioteca.
- 4) O coordinador do E.N.L.
- 5) O delegado de centro representante dos alumnos.
- 6) O representante da asociación de alumnos.
- 7) Algún profesor dos departamentos didácticos, dependendo da actividade.

VII) ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS

- 1)Recursos materiais.

Os recursos materiais inclúen os distintos tipos de recursos, agás os humanos, existentes no centro: aulas, laboratorios, biblioteca, instalación deportivas, mobiliario, material didáctico en xeral e os medios económicos dispoñibles.

O secretario ten as competencias da custodia, mantemento e disposición dos medios ou recursos materiais. É a comisión administrativa e económica a que aproba, en primeira instancia, os presupostos e criterios para o uso das instalación e dos recursos materiais.

A comunidade social do entorno do centro terá acceso ao uso dos locais e dos recursos en horario non lectivo, cunhas garantías mínimas:

- a) Prioridade do uso por parte do alumnado do centro.
- b) Autorización previa por parte da dirección do centro e aprobación do Consello Escolar.
- c) Existencia de responsabilidade por posíbel deterioro das instalación ou medios usados.

2) Organización dos espazos.

A organización espacial condiciona a metodoloxía. A metodoloxía activa e experimental das áreas ou materias da ESO, do Bacharelato esixe unha nova organización dos espazos.

A tradicional concepción da aula como espazo permanente onde se imparte a materia a un determinado grupo combínase coa distribución de aulas destinadas a impartir determinadas materias: aula de CC. Naturais, de Idiomas, de Música de Tecnoloxía, Plástica e Educación Visual, etc.

3) Distribución do tempo.

O horario semanal de cada unha das materias está fixado legalmente, cabe sen embargo a posibilidade de flexibilizar a duración dos períodos lectivos e de distribuír o tempo de cada unha das materias de xeito diferente. Especialmente nas áreas mais experimentais darase opción a distribuír o tempo en períodos lectivos de mais dunha hora, pola perda de tempo que supoñen os desprazamentos e a preparación e recollida do material empregado. En canto aos horarios do profesorado, é necesario reservar o día e a hora destinados ás reunión da comisión de coordinación pedagóxica e dos departamentos didácticos.